

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Tesourería - Recadación

Calendario fiscal 2023

Calendario fiscal 2023

Por Decreto da Alcaldía de 2 de febreiro de 2023 aprobouse o **calendario fiscal** para o exercicio 2023.

PRIMEIRO

Aprobar o seguinte calendario fiscal para o ano 2023:

Concepto	Exercicio e período	Período voluntario ingreso	Data de cargo domiciliados
IVTM	2023	03/04/2023-05/06/2023	03/04/2023
LIXO	2023/1 cuadrimestre	03/04/2023-05/06/2023	04/04/2023
LIXO	2023/2 cuadrimestre	17/07/2023-18/09/2023	01/08/2023
IBI URBANA	2023	01/09/2023-02/11/2023	01/09/2023
IBI RUSTICA	2023	01/09/2023-02/11/2023	04/09/2023
IBI BICES	2023	01/09/2023-02/11/2023	01/09/2023
IAE	2023	01/09/2023-02/11/2023	05/09/2023
VADOS	2023	01/09/2023-02/11/2023	06/09/2023
LIXO	2023/3 cuadrimestre	03/10/2023-04/12/2023	03/10/2023
TAXA MESAS E CADEIRAS	2023	16/10/2023-18/12/2023	16/10/2023
MERCADO	2023 /TRIMESTRAL	Dous meses despois da exposición pública	Primeiro día do período voluntario
MERCADILLO	2023 /BIMENSUAL	Dous meses despois da exposición pública	Primeiro día do período voluntario
PREZO PÚBLICO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	2023 /MENSUAL	Dous meses despois da exposición pública	

SISTEMA ESPECIAL DE PAGO DO IBI RÚSTICO E URBANO

Primeiro prazo: 12/06/2023

Segundo prazo: 12/09/2023

SEGUNDO

LUGAR DE PAGAMENTO:

- Entidades colaboradoras: ABANCA, CAIXABANK, BANCO SANTANDER. Os contribuíntes deberán dispoñer previamente dos documentos de ingreso necesarios. As entidades colaboradoras non poderán establecer limitacións respecto aos días e horas para efectúa-lo pago, debendo aceptalos, durante o período voluntario de ingreso indicado, e dentro das horas de caixa.

- A través da Banca electrónica e en caixeiro automático, nas entidades colaboradoras anteriores que o permitan.
 - Na Web municipal <http://concelloderianxo.gal/> a través da pasarela de ABANCA co código do documento de ingreso.

FORMA DE PAGAMENTO

De acordo co disposto no artigo 60.1 da LXT o pago da débeda tributaria efectuarase en efectivo. Tamén poderá empregarse como medio de pago a tarxeta de débito ou de crédito.

EXPOSICIÓN PÚBLICA DOS PADRÓS

Aos efectos de posibles alegacións, os padróns publicaranse no BOP con anterioridade á data de inicio do período voluntario de ingreso.

RECURSOS

Contra as liquidacións incorporadas ao padrón, poderá formularse recurso de reposición, previo ao recurso contencioso administrativo, perante o alcalde, no prazo dun mes, a partir da finalización do prazo de exposición ao público, ao abeiro do artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ADVERTENCIA:

Segundo dispón o artigo 24.2.b) do Regulamento Xeral de Recadación, transcorrido o período voluntario de pagamento, iníciárase o período executivo, que determinará a esixencia do recargo de constrinximento, nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei Xeral tributaria, xuros de mora e, no seu caso, as custas que se produzan.

POSIBILIDADE DE MODIFICACIÓN:

No caso de que por razóns de diversa índole alleas ao Concello non se puideran poñer ao cobro os padróns fiscais nas datas mencionadas, o Concello de Rianxo resérvase a facultade de modificar o calendario aprobado cando, eses motivos, debidamente xustificados polos departamentos responsables, impidan a xestión dos tributos nas datas indicadas, informando aos cidadáns de tal circunstancia con suficiente antelación.

Rianxo, 2 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente polo Alcalde

Adolfo Muiños Sanchez

2023/717